[JCCP/MCVR]

Na sala de comisión "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo,** o día **2 de xullo de 2024, ás 10:30 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:

Patricia García González
(Presidenta)
Paula Mouzo Mas
(Vicepresidenta)
Carmela González Iglesias
(Secretaria)

Vogais:

Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
Jesús María Fernández Rosende
Miguel Fidalgo Iglesias
Julio García Comesaña
(en substitución de María Deza Martínez)
María Dolores Hermelo Piñeiro
Pablo Javier Prieto Perille
Raúl Santamaría González
Manuel Santos Costa

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Iria Carreira Pazos
(en substitución de Paulo Ríos Santomé)
Daniel Castro García
Rosana Pérez Fernández
José Daniel Pérez López

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Julio Ernesto Abalde Alonso
Carlos López Font

Comparecente:
Directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Letrado:
Juan Carlos Caride Puente

PARLAMENTO DE GALICIA

A señora presidenta abre a sesión e rógalle á señora secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución, así como as posibles substitucións. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

A señora secretaria abandona o seu posto na Mesa da Comisión e pasa a ocupar un escano co seu grupo parlamentario, de acordo co establecido no artigo 82 do Regulamento do Parlamento.

Punto 1. Preguntas:

1.1 1796 (12/POC-000294)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 7 máis
Sobre o balance do Programa de ciencias mariñas de Galicia en 2023 no que atinxe ás actividades desenvolvidas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 17f2, do 25.04.2024

O **señor Santamaría González (P)**, procede á defensa da iniciativa ampliando os argumentos que da mesma se expoñen por escrito e que aparecen publicados no BOPG anteriormente subliñado.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia a **señora directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro (Consellería do Mar), Marta Villaverde Acuña**.

En rolda de réplica, o **señor Santamaría González (P),** agradece a resposta da señora directora xeral, sobre a que expón novas consideracións.

Pecha o debate desta iniciativa a **señora directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, Marta Villaverde Acuña**, ampliando a información aportada na súa anterior intervención.

1.2 2084 (12/POC-000343)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e 2 máis
Sobre a postura do Goberno galego ante as reivindicacións do sector marisqueiro en relación cos niveis actuais de produción, especialmente na Costa da Morte, e as estratexias que prevé desenvolver nesta materia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 17f2, do 25.04.2024

A Presidencia concédelle a palabra ao **señor Abalde Alonso (S)**, que pasa a expoñer os motivos nos que se basea a formulación das cuestións que figuran na iniciativa, ampliando os que se conteñen na súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento.

PARLAMENTO DE GALICIA

En representación da Xunta de Galicia contéstalle a **señora directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro (Consellería do Mar), Marta Villaverde Acuña.**

En rolda de réplica o **señor Abalde Alonso, (S),** expón novas consideracións sobre a información recibida, logo de matizar algunhas das afirmacións realizadas pola señora directora xeral e lamentar que non contestara a algunhas das cuestións formuladas.

Pecha o debate desta iniciativa a **señora directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, Marta Villaverde Acuña**, matizando as verbas do señor preguntante e ampliando a información facilitada na súa anterior intervención.

A Presidencia agradece a presenza e colaboración da señora Villaverde Acuña cos traballos desta Comisión e desculpa a súa ausencia, dado que non ten máis preguntas ás que teña que dar resposta.

Punto 2. Proposicións non de lei

2.1 422 (12/PNC-000007)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 8 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe facer ao Goberno central para que defenda ante a Comisión Europea o desenvolvemento dunha normativa de protección dos cetáceos compatible coa práctica pesqueira
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 9f2, do 11.04.2024
Publicación do acordo, BOPG n.º 47f2, do 04.07.2024

O **señor Fidalgo Iglesias (P)**, manifesta as razóns que levaron ao seu grupo á formulación desta proposta, ampliando os argumentos que da mesma se expoñen por escrito e que están publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

A Presidencia informa que a esta proposición non de lei non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios, intervén en primeiro lugar o **señor López Font (S),** que pasa a referir as razóns polas que o seu grupo vai apoiar esta proposta.

Nesta mesma rolda a **señora González Iglesias (BNG),** tras expoñer diversas consideración sobre a intervención do señor propoñente, explica a postura do seu grupo a respecto da devandita proposta.

Na rolda de puntualizacións o **señor Fidalgo Iglesias (P),** incide na importancia da iniciativa, logo de amosar diversas discrepancias con algunhas das argumentacións expostas polo/a voceiro/a que o precederon non uso da palabra.

PARLAMENTO DE GALICIA

Ao longo da anterior intervención a señora Mouzo Mas abandona o seu posto na Mesa da Comisión e pasa a ocupar un escano co seu grupo parlamentario, de acordo co establecido no artigo 82 do Regulamento do Parlamento.

2.2 1096 (12/PNC-000108)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos
Sobre as accións que debe impulsar a Xunta de Galicia co fin de afrontar a actual perda de produción marisqueira na ría de Arousa
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 12f2, do 17.04.2024
Publicación correccións, BOPG n.º 16f2, do 24.04.2024
Publicación do acordo, BOPG n.º 47f2, do 04.07.2024

A Presidencia concédelle a palabra ao **señor Abalde Alonso (S),** quen pasa a expoñer os motivos polos que o seu grupo parlamentario presentou esta proposición non de lei, expresándose en termos semellantes aos que se conteñen na súa formulación escrita e publicada no Boletín Oficial do Parlamento.

A esta proposta non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios, intervén en primeiro lugar a **señora Pérez Fernández (BNG),** para manifestar o apoio do seu grupo a esta proposición non de lei.

Nesta mesma rolda intervén polo **G.P. Popular de Galicia** a **señora Mouzo Mas,** quen, logo de matizar algunhas das afirmacións realizadas polo/a voceiro/a que a precederon no uso da palabra, solicita a votación por puntos, xa que están dispostos a votar a favor dos puntos 1 e 2, por coincidir coas accións que a Xunta de Galicia está a levar a cabo, pero votarán en contra do punto 3, por considerar que é competencia do Goberno central.

Na rolda de puntualizacións o **señor Abalde Alonso (S),** logo de expoñer diversas consideracións sobre a intervención da voceira do grupo maioritario manifesta que acepta a votación por puntos.

Rematado o debate desta iniciativa, a señora Mouzo Mas (P), incorpórase ao seu posto na Mesa da Comisión.

2.3 3215 (12/PNC-000402)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 4 máis
Sobre a demanda á Xunta de Galicia dunha modificación do Decreto 15/2011, relativo á regulación das artes de pesca en augas de competencia autonómica, co obxectivo de facilitar a conciliación da vida laboral e familiar dos mariñeiros do trasmallo diúrno
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 24f2, do 15.05.2024

PARLAMENTO DE GALICIA

A **señora Pérez Fernández (BNG),** explica os motivos nos que se basea a proposición non de lei, ampliando os que se conteñen na súa formulación escrita e publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

Tampouco a esta iniciativa se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, fai uso da palabra en primeiro lugar o **señor López Font (S)**, quen, logo de expoñer as súas argumentacións a respecto da proposta formulada, anuncia o voto favorable do seu grupo á mesma.

Nesta mesma rolda a **señora Hermelo Piñeiro (P),** expón as razóns polas que o seu grupo considera innecesaria a devandita iniciativa.

Na rolda de puntualizacións **señora Pérez Fernández (BNG),** agradece o apoio amosado polo voceiro do grupo da oposición e rebate moitas das argumentacións expostas pola voceira do grupo maioritario.

2.4 4762 (12/PNC-000578)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez López, José Daniel e Pérez Fernández, Rosana
Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que execute un plan de rexeneración
na praia de Laxe para lle devolver o seu perfil orixinario
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 31f2, do 29.05.2024
Publicación do acordo, BOPG n.º 47f2, do 04.07.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de substitución por parte do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 6518), da que obvia a súa lectura dado que se remitiu aos membros da comisión.

Deseguido concédelle a palabra ao **señor Pérez López (BNG)**, quen procede á defensa e formulación da iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no BOPG que anteriormente se cita.

En canto a emenda presentada polo G.P. Popular de Galicia, propón establecer un prazo máximo de dous meses e coordinarse entre as tres administracións.

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén o **señor Fernández Rosende (P),** para explica o sentido da súa emenda, destacando que non está en contra de establecer un prazo, pero en lugar de dous meses propón ampliar ese prazo a catro meses.

Na rolda de grupo parlamentario non emendante intervén o **señor Abaldo Alonso (S),** quen, tras pronunciarse a favor da iniciativa nos termos en que foi presentada, sinala que non terían inconveniente en apoiar tamén a emenda, sempre que quede claro que o responsable directo desa coordinación entre administracións sexa a Xunta de Galicia.

PARLAMENTO DE GALICIA

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda presentada, o **señor Pérez López (BNG)**, incide na importancia de involucrar as tres administracións e informa que non ten inconveniente en ampliar ese prazo a catro meses, polo que espera chegar a un acordo de transacción.

Rematado o debate, a Presidencia procede á votación das proposicións non de lei, pola orde na que figuran na convocatoria:

2.1 422 (12/PNC-000007), do **G.P. Popular de Galicia.** Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **aprobado pola unanimidade dos 16 deputados e deputadas presentes** con dereito a voto.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que defenda ante a Comisión Europea a posta en marcha dunha normativa de protección dos cetáceos que sexa compatible coa práctica pesqueira, equilibrando riscos e afectacións e integrando aquelas medidas de disuasión de interacción que eviten a paralización da frota pesqueira.»

2.2 1096 (12/PNC-000108), do **G.P. dos Socialistas de Galicia.** Sométese a votación por puntos:

. Puntos 1 e 2. Resultan **aprobados pola unanimidade dos 16 deputados e deputadas presentes** con dereito a voto.

. Punto 3. Resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 7
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar un estudo en profundidade sobre as causas da perda de produción marisqueira da ría de Arousa, que inclúa unha valoración de propostas e medidas que cómpre tomar que puidesen contribuír a mellorar a situación.

2. A partir da análise referida no punto anterior, elaborar un plan de recuperación da produción marisqueira da ría de Arousa baseada nas medidas que sexan propostas.»

PARLAMENTO DE GALICIA

2.3 3215 (12/PNC-000402), do **G.P. do Bloque Nacionalista Galego.** Sometido a votación o texto resolutivo orixinal, resulta **rexeitado** por:

Votos a favor: 7
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

2.4 4762 (12/PNC-000578), do **G.P. do Bloque Nacionalista Galego.** Sométese a votación a transacción acadada coa emenda do G.P. Popular de Galicia (doc. 6518), que resulta **aprobada pola unanimidade dos 16 deputados e deputadas presentes** con dereito a voto.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de G alicia insta o Goberno galego a dirixirse, no prazo máximo de catro meses, á Administración do Estado e ao Concello de Laxe para coordinarse entre as tres administracións na procura dunha solución técnica ao problema da acumulación de area na parte occidental da praia de Laxe.»

Ao non haber máis asuntos que tratar, a señora presidenta agradece aos presentes o seu traballo na Comisión e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 13:05 horas.

Patricia García González

V. e pr.
Patricia García González
Presidenta da Comisión

Firmado digitalmente por Patricia García González
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Patricia García González, email=patricia.garcia.gonzalez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.09.10 08:38:01 +02'00'

Carmela González Iglesias
Secretaria da Comisión

Carmela González Iglesias

Firmado digitalmente por Carmela González Iglesias
Fecha: 2024.09.09 13:34:51 +02'00'